Arteixo / Educación

Avda. dos Bosques, 16 - Baixo
Telef.: 981 659 121 / 981 659 122
educacion@arteixo.org

# LABORATORIO MUSICAL 2024
# "UNHA VIAXE AO ESPAZO"



## Requisitos:

- Rapazada de Infantil (2º ciclo) e Primaria empadroada.
- Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.
  Para a adxudicación de prazas realizarase sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día 5 de xuño ás10 horas..

## Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición presencial ou a travésde correo electrónico (educacion@arteixo.org) **do 8 ao 31 de maio**.
- **Deberán poñer no asunto campamento laboratorio 2024**
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude.
- Non conta con servizo de transporte nin servizos a maiores.

/\rteixo / Educación

Avda. dos Bosques, 16 - Baixo
Telef.: 981 659 121 / 981 659 122
educacion@arteixo.org

- Unha vez que sexa confirmada a praza o pago do prezo público deberá ser aboado no seguinte prazo:
- Do 6 ao 12 de xuño de 2024.

**Temática:**

## "UNHA VIAXE AO ESPAZO"

De cara ao período non lectivo de verán, proponse unha actividade lúdico-educativa orientada a complementar a formación ofrecida dende a Escola Municipal de Musica de Arteixo.

As/os participantes, participarán en tres propostas de obradoiros diferentes en cada xornada. Os tres obradoiros serán parte dun eixe común, e os traballos desenvoltos en cada un estarán coordinados para conseguir un produto conxunto.

O obxectivo final da actividade, será a creación dunha mostra do traballo desenvolto e por tanto, do produto conxunto anteriormente mencionado: Traballarase a aplicación das novas tecnoloxías na música, desenvolverase a expresión artística mediante a creación do atrezzo así como a expresión corporal e musical.

Nesta ocasión, traballarase como contido transversal, UNHA VIAXE POLO ESPAZO. O auditorio do Centro Cívico converterase no espazo sideral e a través da música trasladarémonos ata os lugares máis fascinantes da nosa galaxia, favorecendo, esa viaxe, a convivencia, a creatividade e a cooperación de todos e todas os participantes. A música como elemento de unión será o eixe vertebrador deste obradoiro.

**Arteixo / Educación**

Avda. dos Bosques, 16 - Baixo
Telef.: 981 659 121 / 981 659 122
educacion@arteixo.org

**Destinatarios:**
Destinatarios: 40 nenos e nenas de idades entre os 4 e 12 anos.

**Temporalización:**
O laboratorio musical desenvolverase ao longo de 11 xornadas de 4 horas de duración cada unha (de 10:00 a 14:00 horas)
**XULLO 2024: días 15, 16, 17, 18, 19, 22, 23, 24, 29, 30 e 31**

***CONTIDOS***

| BLOQUE DE ACTIVIDADE | OBRADOIROS | CATEGORÍA |
|---|---|---|
| BLOQUE 1: TRABALLOS MANUAIS, TRABALLOS PLÁSTICOS, ATREZZO E OUTROS | CREACIÓN D E ATREZZO | ARTES VISUAIS |
| | CARACTERIZACIÓN | MANUALIDAD ES |
| BLOQUE 2: ACTIVIDADES MUSICAIS | EXPRESIÓN CORPORAL | MOVEMENTO |
| | CREACIÓN MUSICAL | MÚSICA |
| BLOQUE 3: INFORMÁTICA PARA APRENDIZAXE MUSICAL | CREACIÓN DE BASES MUSICAIS | MÚSICA |
| | EDICIÓN DE PARTITURAS | MÚSICA |

**Lugar de execución:** CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO

**Datas:** Do luns 15 ao mércores 31 de xullo, sendo non lectivos o xoves 25 e o venres 26
**Horario:** de 10:00 a 14:00h.
**Prazas:** 40
**Custo:** 44 euros
**Destinatarios:** nenos e nenas de idades entre os 4 e 12 anos empadroados

Arteixo / Educación

Avda. dos Bosques, 16 - Baixo
Telef.: 981 659 121 / 981 659 122
educacion@arteixo.org